



Concello  
de Fisterra

PLANO ESTRATÉXICO DE TURISMO: FISTERRA 2018-2022



ESTUDO DE IMPACTO DO TURISMO  
NO TERRITORIO

---

CONCELLO DE FISTERRA

pQliar  
facilitadores & diferenciadores



## ÍNDICE

---

1	Introducción	pág. 3
2	Impacto económico	pág. 7
3	Impacto laboral	pág. 22
4	Impacto social	pág. 26
5	Impacto medio ambiental	pág. 29

No presente documento estudarase o impacto da actividade turística no territorio, a partires do análise de catro tipos de impacto: económico, laboral, social e medio ambiental.

No análise da información cuantitativa e cualitativa ponse de manifesto o seguinte:

**I) Falla o coñecemento da demanda real a nivel local.**

Ⓞ Non existen datos fiables (cifras a nivel cuantitativo) nin información cualitativa básica e/ou non sesgada.

**II) Falla a forma de captar a información.**

Ⓞ A maioría dos puntos (públicos e privados) onde se pode recabar información cualificada non coñecen o tipo de información que poden obter, e/ou non aplican os medios e procesos adecuados para poder compilarla e sistematizala.

**III) Falla a sistematización deses datos a nivel municipal.**

Ⓞ A información cualificada que se capte en cada punto público ou privado, debe ser posta en común e sistematizada, pero non existen protocolos e ferramentas que permitan desenvolver esta actividade.

Ⓞ Un factor coadxuvante é o feito de que non existise unha praza de técnico de turismo que puidese canalizar esta tarefa. Ante o escenario dunha praza permanente neste sentido, dita tarefa pode ser levada a cabo con maiores garantías.

Todo isto impide que se poidan tomar decisións ou medidas tendentes a sacarlle partido á información cualificada obtida: aproveitar oportunidades detectadas ou mellorar as deficiencias postas de releve.

Por tanto, sen uns datos que cientificamente avalen os impactos da actividade turística actual e pasada, a nosa labor centrarase en incidir sobre os tres erros indicados anteriormente. É dicir, buscamos:

- Identificar aquela información que debe ser obtida, e por que debe ser útil.
- Identificar os medios a través dos cales se pode obter dita información.
- Expoñer como debe ser o protocolo de sistematización de dita información, de cara a tomar decisións avaladas por datos o máis axustados posible á realidade.

A nivel de Unión Europea existe o denominado **Sistema Europeo de Indicadores Turísticos (ETIS)**. Preséntase como “ferramenta de xestión, información e supervisión destinada especificamente aos destinos turísticos. Está deseñado como un proceso impulsado e xestionado dende o ámbito local para recopilar e analizar datos co obxectivo xeral de avaliar a incidencia do turismo nun destino”.

Consta dunha serie de documentos tendentes a facilitar a captación, sistematización e análise da información que se recabe. Actualizado no ano 2016, é un modelo de referencia, moi ben estruturado, elaborado por

profesionais de recoñecido prestixio e que pode ser complementado con aportacións útiles en concreto para o territorio de Fisterra e o modelo de turismo plasmado nos distintos documentos deste Plan Estratégico.

**a**

### **Información a obter**

---

Os datos deberán ser tratados segundo a normativa de aplicación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Estableceranse unha serie de indicadores e a utilidade dos mesmos para o sistema de análise de información cualificada en materia de turismo.

**b**

### **Ferramentas de captación de información cualificada**

---

Calquera ferramenta que se empregue debe garantir a privacidade dos datos aportados.

É importante conseguir o equilibrio entre a información que se debe obter e a información que se debe solicitar a turistas, visitantes, peregrinos, veciñanza ou tecido empresarial. Un exceso de inxerencia na esfera privada limita seriamente a posibilidade de obter información, e incluso pode xerar unha percepción negativa.

A información recabada cada ano porase en contraste cos datos de anos anteriores.

O impacto económico da actividade turística, ao igual que o resto, non se pode basear (para a realidade do turismo en Fisterra) en datos existentes contrastables ou fiables que permitan determinar o peso relativo do turismo na economía do territorio. Pola contra baséase sobre todo en apreciacións e valoracións subxectivas, todas útiles para obter unha radiografía da situación actual, pero insuficientes para armar un sistema de tratamento de información que permita obter datos contrastados, dirixidos a xerar actuacións concretas de mellora do turismo no territorio.

A percepción por parte dos axentes entrevistados é de que existe un equilibrio de forzas entre pesca e turismo, onde o turismo xoga un papel motriz. Tal e como se indicaba na primeira área de prioridade estratéxica municipal establecida no documento "DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL", percíbese que o turismo pode permitir a reconversión suave do sector da pesca (en evolución descendente en canto a peso específico e persoal ocupado no mesmo) cara a outras actividades diferenciadas e rendibles. De igual modo consideran que o turismo pode servir tamén de factor que impulse novas actividades ou liñas de negocio dentro do comercio local e outros sectores de actividade (sector servizos). Por tanto, o turismo debe implicarse activamente na evolución doutros sectores económicos, de modo harmonizado e non destructivo.

Ao respecto da pesca, o demanda de turistas, visitantes ou peregrinos de produtos da pesca (tendo en especial consideración os derivados da pesca artesanal local) supón unha demanda clave que permite soste o sector da

pesca. Considérase, dende dito sector pesqueiro local, que falta unha maior adhesión do sector hostaleiro fisterrán, e que permita ofrecer ao turismo unha oferta con produtos de calidade autóctonos.

Para establecer o impacto cuantitativo do turismo no territorio é preciso facer un estudo económico específico no que se solicite información a unha mostra representativa dos distintos sectores implicados directa e indirectamente co turismo. En calquera caso, o esforzo económico (sen contar a dificultade na obtención de datos cualificados das distintas empresas) dun estudo dese tipo para coñecer o peso relativo cuantitativo do turismo na economía local, pensamos que non compensa, dado que o importante da información obtida é que se poida aproveitar para implementar accións/medidas que redunden en melloras efectivas.

Neste apartado nos enfocaremos, por tanto, na información relativa á oferta e á demanda turística. Dentro da demanda turística existe un item, a recoller a través de enquisa "Gasto medio por persoa/día" que permitiría facer unha aproximación a canto gastan os turistas e peregrinos. Quedarían fóra desta consideración o que consideramos visitantes (persoas que veñen e se van o mesmo día e non se aloxan), xa que as enquisas centralizaríanse nos aloxamentos, agás que ese item se reproducise en puntos tales como a oficina de turismo, ou outros espazos públicos.

a

## Información a obter

Componse de tres apartados: a información relativa á contribución do turismo na economía do territorio, a información relativa á oferta turística, e a relativa á demanda.

## SOBRE A CONTRIBUCIÓN DO TURISMO Á ECONOMÍA DO TERRITORIO:

- Porcentaxe en que o turismo contribúe á economía local.  
Como dicimos existe unha gran dificultade para detectar a contribución relativa dun sector ao total dunha economía local, polas razóns antes apuntadas.
- Porcentaxe de empresas locais que son provedores de servizos das empresas do sector.
  - I) Lavandería
  - II) Mantemento
  - III) Xestión (contable, laboral, ...) e consultoría
  - IV) Seguros
  - V) Asesoramento legal
  - VI) Outros.
- Porcentaxe de produtos locais respecto ao total de produtos.
  - I) Peixe, marisco e derivados
  - II) Froitas e verduras
  - III) Carne e derivados
  - IV) Artigos de decoración
  - V) Outros.

## SOBRE A OFERTA TURÍSTICA:

### Aloxamentos

- Nº de aloxamentos.
- Tipoloxía e categoría.
- Nº de habitacións.



- N° de prazas.
- Meses de apertura.
- Rango de prezos (tempadas baixa, media, e alta).
- Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.
- Idiomas.

### **Restauración**

- N° de establecementos.
- Tipoloxía e categoría.
- Meses de apertura.
- Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.
- Idiomas.

### **Turismo activo**

- N° de negocios adicados a turismo activo.
- Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.
- Idiomas.

### **Atractivos turísticos**

- N° de atractivos turísticos totais no concello.
- N° de atractivos turísticos con accesibilidade para persoas con diversidade funcional.
- N° de atractivos turísticos con rexistro de información.

**SOBRE A DEMANDA:**

**Aloxamentos**

	Total de clientes	Por país e zona de orixe	Por rango de idade	Forma da viaxe	Por motivo da visita	Persoas con mobilidade reducida
Total de clientes						
Nº de noites total						
Nº medio de noites por cliente						
Nº medio de persoas por habitación						
Nº clientes que cubriron a enquisa						
Nº de persoas con mobilidade reducida aloxadas que pensan que Fisterra está adaptada ás súas necesidades						
Por que decidíu vir a Fisterra?						
Quen organizau a viaxe?						
A través de que medio obtivo información sobre Fisterra?						
Poboación na que estiveron previamente a Fisterra						
Medio de transporte empregado para chegar						
Medio de transporte empregado durante a estancia						
Valoración da estancia en Fisterra						
Que recomendaría?						
Que produtos destacaría da oferta gastronómica local?						
Que melloraría?						
Nº de repeticións de estancia ou visita en Fisterra nos últimos 5 anos						
Gasto medio aproximado por persoa/día						

### Oficina de turismo e atención ao peregrino

	Totais	Turista, peregrino ou visitante	Por país e zona de orixe	Por motivo da consulta
Total de consultas				
Total de selos a peregrinos				
Total de enquisas cubertas				
Resultoulle útil a información recibida?				
O material de apoio á súa disposición (folletos, etc.) pensa que é adecuado?				
Por que decidíu vir a Fisterra?				
Medio de transporte empregado para chegar				

### A recabar en puntos con control de entrada

	Total de visitantes	Por país e zona de orixe
Total de visitantes		
Nº visitantes que cubriron a enquisa		
Valoración da visita		
Que destacaría (en positivo ou negativo)?		

**A recabar no faro**

	Total de visitantes en autobuses turísticos	Por país e zona de orixe	Por tipo de empresa organizadora
Total de visitantes en autobuses turísticos			
Nº de autobuses			
Empresa organizadora			
Valoración da visita			
Que destacaría (en positivo ou negativo)?			

Porquillor

Para captar información sobre os items ou puntos anteriormente indicados habilitaranse unha serie de ferramentas. Existen tres básicas: enquisas, controis internos, outro tipo de controis (contadores de persoas, control a través da conexión a redes inalámbricas).

As enquisas son cuestionarios en soporte físico ou dixital.

Os controis internos son datos obtidos a partir de recontos ou contabilizacións levados a cabo por persoal municipal de plantilla ou contratado.

Os contadores de persoas permiten contabilizar o tránsito, tanto en espazos ao aire libre como en interior.

Os controis a través de conectividade permiten obter información a partir da conexión (de terminais móbiles, i-phones, tablets ...) a zonas wifi, especialmente. Estes controis poderán ir acompañados dunha pequena enquisa complementaria. Ex: crear unha rede wifi aberta e, na conexión que se faga. Abrir un breve cuestionario preliminar.

Non se debe esquecer as opcións que permite a xestión profesional de **big data**, en tanto en canto pode arbitrar ferramentas que favorezan a recollida da información que a continuación se indica. Para iso poderanse valorar propostas de empresas especializadas na materia.

Partindo da información antes indicada, establecemos a continuación as ferramentas de captación de información cualificada, indicando quen realiza dita acción.

### 1. CONCELLO. DATOS XERAIS DA OFERTA. CONTROL INTERNO.

Disporase dunha folla en formato dixital descargable, onde a/s persoa/s responsables poidan incorporar **anualmente** os seguintes datos:

Nº de aloxamentos	
Tipoloxía e categoría de aloxamentos	
Nº de establecementos de restauración	
Tipoloxía e categoría de establecementos de restauración	
Nº de negocios adicados a turismo activo	
Nº de atractivos turísticos totais no concello	
Nº de atractivos turísticos con accesibilidade para persoas con diversidade funcional	
Nº de atractivos turísticos onde se rexistra información	

Respecto a establecementos de restauración, o persoal encargado do Concello podería efectuar **anualmente** un simple control telefónico, por e-mail, ou a través de formulario (tipo Google docs ou similar) para estes casos.

Meses de apertura.	
Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.	SI / NON
Idiomas de atención ao público I) Inglés II) Francés III) Alemán IV) Outros	

Porcentaxe de empresas locais que son provedores de servizos das empresas do sector I) Lavandería II) Mantemento III) Xestión (contable, laboral, ...) e consultoría IV) Seguros V) Asesoramento legal. VI) Outros	10% ou menos; >10 a 25%; >25% a 50%; >50% a 75%; >75%
Porcentaxe de produtos locais respecto ao total de produtos. I) Peixe, marisco e derivados II) Froitas e verduras III) Carne e derivados IV) Artigos de decoración V) Outros	10% ou menos; >10 a 25%; >25% a 50%; >50% a 75%; >75%

Respecto a negocios de turismo activo, o persoal encargado do Concello podería efectuar **anualmente** un simple control telefónico, por e-mail, ou a través de formulario (tipo Google docs ou similar) para estes casos.

Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.	SI / NON
Idiomas de atención ao público I) Inglés II) Francés III) Alemán IV) Outros	
Porcentaxe de empresas locais que son provedores de servizos das empresas do sector I) Mantemento II) Xestión (contable, laboral, ...) e consultoría III) Seguros IV) Asesoramento legal. V) Outros	10% ou menos; >10 a 25%; >25% a 50%; >50% a 75%; >75%
Porcentaxe de produtos locais respecto ao total de produtos. I) Artigos de decoración II) Outros	10% ou menos; >10 a 25%; >25% a 50%; >50% a 75%; >75%

### ALOXAMENTOS. DATOS XERAIS DE OFERTA E DEMANDA. CONTROL INTERNO.

Disporase dunha folla en formato dixital descargable, para o seu envío ao Concello, onde se poidan incorporar **anualmente** os seguintes datos:

Nº de habitacións.	
Nº de prazas.	
Meses de apertura.	
Rango de prezos (tempadas baixa, media, e alta).	
Accesibilidade para persoas con diversidade funcional.	SI / NON
Idiomas de atención ao público	

A seguinte táboa terá **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total de clientes	Por país e zona de orixe <b>(1)</b>	Por rango de idade <b>(2)</b>	Forma da viaxe <b>(3)</b>	Por motivo da visita <b>(4)</b>	Persoas con mobilidade reducida
Total de clientes						
Nº de noites total						
Nº medio de noites por cliente						
Nº medio de persoas por habitación						
Nº clientes que cubriron a enquisa <b>(5)</b>						

**(1)** Recolleráse o país de orixe, así como a localidade concreta. Para o turista español, recolleráse tamén a comunidade autónoma de orixe.

**(2)** De 15 a 24, de 25 a 34, de 35 a 44, de 45 a 54, de 55 a 64, de 65 en diante.



**(3)** Parella; Familia con nen@s ou persoas a cargo; Individual; Grupo. Habería de abrirse un campo para o nº de membros.

**(4)** Visita a amizades, parella ou familiares; Lecer (natureza, gastronomía, aventura, ornitología, festas, clima, mar, compras); Traballo; Saúde; Espiritual (camiño de Santiago, motivo non relixioso); Outros (indicar motivo).

**(5)** Indicar a cantas persoas representa a enquisa cuberta.

### ALOXAMENTOS. ENQUISA

A seguinte táboa tería **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total de clientes	Por país e zona de orixe <b>(1)</b>	Por rango de idade <b>(2)</b>	Forma da viaxe <b>(3)</b>	Por motivo da visita <b>(4)</b>	Persoas con mobilidade reducida
Nº persoas á que representa esta enquisa <b>(5)</b>						
Nº de persoas con mobilidade reducida aloxadas que pensan que Fistera está adaptada ás súas necesidades						
Por que decidiu vir a Fistera?						
Quen organizou a viaxe? <b>(6)</b>						
A través de que medio obtivo información sobre Fistera? <b>(7)</b>						
Poboación na que estiveron previamente a Fistera						
Medio de transporte empregado para chegar						
Medio de transporte empregado durante a estancia						
Valoración da estancia en Fistera						
Que recomendaría?						

Que produtos destacaría da oferta gastronómica local?						
Que melloraría?						
Nº de repeticións de estancia ou visita en Fisterra nos últimos 5 anos						
Gasto medio aproximado por persoa/día						
Por que decidíu vir a Fisterra? <b>(8)</b>						
Poboación na que estiveron previamente a Fisterra						
Gasto medio aproximado por persoa/día						

**(6)** Vde. mesmo ou alguén do grupo; Axencia de viaxes; Hotel; Outros (determinar).

**(7)** Por recomendación doutra persoa; Internet; Publicidade; Axencia de viaxes; Outros (determinar).

**(8)** Recomendación, consulta en Internet, coñecemento previo da zona, anuncios ou promocións/publicidade, páxina web.

#### OFICINA DE TURISMO E ATENCIÓN AO PEREGRINO. CONTROL INTERNO

A seguinte táboa terá **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total de consultas	Turista, peregrino ou visitante <b>(9)</b>	Por país e zona de orixe	Por motivo da consulta
Total de consultas				
Total de selos a peregrinos				
Total de enquisas cubertas				

**(9)** Diferenciar a turista con aloxamento, de visitante e de peregrino.

## OFICINA DE TURISMO E ATENCIÓN AO PEREGRINO. ENQUISA

A seguinte táboa terá **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total consultas	Por país ou zona de orixe <b>(1)</b>
Resultoulle útil a información recibida? <b>(10)</b>		
O material de apoio á súa disposición (folletos, etc.) pensa que é adecuado? <b>(10)</b>		
Por que decidíu vir a Fisterra? <b>(8)</b>		
Suxestións, observacións		

**(10)** Graduar de 1 a 5.

## PUNTOS CON CONTROL DE ENTRADA. CONTROL INTERNO

A seguinte táboa terá **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total de visitantes	Por país ou zona de orixe <b>(1)</b>
Total de visitantes		
Nº visitantes que cubriron a enquisa		

## PUNTOS CON CONTROL DE ENTRADA. ENQUISA

A seguinte táboa tería **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Por país ou zona de orixe <b>(1)</b>
Valoración da visita <b>(11)</b>	
Que destacaría (en positivo ou negativo)?	

*(10) Graduar de 1 a 5. Poderían desglosarse diversos items aparte da satisfacción xeral, e que poderían ir relacionados coa visita: calidade dos contidos, acondicionamento do espazo, atención ao público, etc.*

## FARO. CONTROL INTERNO

A seguinte táboa tería **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Total de visitantes en autobuses turísticos	Por país ou zona de orixe <b>(1)</b>	Por tipo de empresa organizadora <b>(12)</b>
Total de visitantes en autobuses turísticos			
Nº de autobuses			
Empresa organizadora			
Nº de enquisas cubertas			

*(12) Axencia de viaxes; Hotel; Restaurante; Outros (determinar).*

## FARO. ENQUISA

A seguinte táboa tería **datos mensuais, pero proporcionados anualmente**.

	Por país ou zona de orixe <b>(1)</b>
Valoración da visita <b>(11)</b>	
Que destacaría (en positivo ou negativo)?	
Suxestións, observacións	

## FARO. CONTROIS A TRAVÉS DA CONEXIÓN A REDE WI-FI

Estes datos poderían captarse, de maneira complementaria, cun cuestionario que puidera xurdir en dispositivos con conexión a Wifi. A existencia dunha rede Wifi, con conexión gratuíta e clave visible posta a disposición das persoas que visiten o faro e arredores, permitiría realizar esas preguntas de modo preliminar á súa conexión. Tamén permitiría obter o dato de nº de persoas que empregasen a rede.

## FARO. CONTADOR DE PERSOAS

Permitiría obter unha aproximación ao nº real de visitas ao faro. Deberá estudarse a ubicación máis axeitada para evitar recontos irreais. Para isto sería positivo realizar unha labor de proba controlada, onde puideran poñerse en contraste as cifras resultantes do contador e as cifras reais.

En materia laboral interesan primordialmente dúas variables: o nº de postos de traballo e as condicións laborais.

Respecto ás condicións laborais non existen datos que permitan ofrecer unhas cifras contrastadas sobre a realidade de traballadores/as de negocios relacionados co turismo (especialmente hostelería), ben sexa o nº de horas contratadas e o nº de horas reais, ben sexan as condicións salariais, vacacións disfrutadas ou non, etc. Existe aquí o problema engadido da dificultade de acceder a información veraz respecto a estes datos.

Respecto ao nº de postos de traballo relacionados co turismo, non existe esa información desagregada por sectores de actividade, o cal impide ese cálculo.

Si existen datos xerais sobre número de afiliacións, no cal vese un aumento progresivo dende o ano 2014, ata chegar a xuño 2018, cun máximo de 1409 persoas afiliadas (máximo na década dos anos 10 deste século). Polas persoas entrevistadas maniféstase que esta tendencia alcista ven motivada polo turismo.

Componse dun único apartado: a información relativa á contribución do turismo ao emprego do territorio.

## SOBRE A CONTRIBUCIÓN DO TURISMO AO EMPREGO NO TERRITORIO:

- Número de persoas residentes en Fisterra que traballan no sector turismo.

Permite establecer, respecto ao total de persoas residentes, a porcentaxe delas que traballan directamente no sector.

Para chegar a esa cantidade debera procederse a preguntar, ás empresas do sector, o número de empregados que teñen ao longo do ano.

- Cadro mensual de emprego por establecemento.

	Total de persoal (autónom@s e persoal por conta allea)	Autónom@s		Persoal por conta allea			
		Tempo completo	Tempo parcial	A tempo completo	A tempo parcial	Extras ou reforzo	Aprendices
Xaneiro							
Febreiro							
Marzo							
Abril							
Maio							
Xuño							
Xullo							
Agosto							
Setembro							
Outubro							
Novembro							
Decembro							
Total anual							
Residentes							
Non residentes							

Para captar información sobre os items ou puntos anteriormente indicados habilitaranse unha serie de ferramentas. No relativo ao impacto laboral contemplamos unicamente controis internos.

### 1. CONCELLO. DATOS XERAIS. CONTROL INTERNO.

Respecto aos negocios relacionados directamente co sector turismo (aloxamentos, restauración, guías, turismo activo) o persoal encaragdo do Concello podería efectuar **anualmente** un control telefónico, por e-mail, ou a través de formulario (tipo Google docs ou similar) para estes casos.

Agruparíase a información por tipoloxías de negocios: aloxamentos (por categoría), restauración (por categoría), guías e turismo activo.

	Total de persoal (autónom@s e persoal por conta allea)	Autónom@s (1)		Persoal por conta allea			
		Tempo completo	Tempo parcial	A tempo completo	A tempo parcial	Extras ou reforzo (2)	Aprendices (3)
Xaneiro							
Febreiro							
Marzo							
Abril							
Maio							
Xuño							
Xullo							
Agosto							
Setembro							



Outubro							
Novembro							
Decembro							
Total anual <b>(4)</b>							
Residentes							
Non residentes							

**(1)** Trátase de persoas que están dadas de alta por conta propia e que traballan nese negocio..

**(2)** Busca coñecer, respecto ao total de persoal por conta allea, cantas participan para extras ou reforzo. Poden ser extras a tempo completo ou parcial.

**(3)** Busca coñecer, respecto ao total de persoal por conta allea, cantas son aprendices. Poden selo a tempo completo ou parcial.

**(4)** Diferenciarase entre persoal que reside ou non reside no Concello.

Os datos dos totais, confrontaranse cos datos públicos sobre altas na Seguridade Social relativos a Fisterra, de cara a obter unha porcentaxe que indique o peso relativo a nivel laboral do sector turismo.

Carécese actualmente de datos fiables sistematizados sobre o total de turismo (visitantes, peregrinos e turistas) respecto ao total da poboación residente. En calquera caso resulta unha información máis útil a percepción de que supón o turismo para a poboación residente.

A percepción por parte do tecido social, segundo o traballo de campo realizado, é de que o turismo é unha fonte primordial de postos de traballo. Non se aprecian consecuencias negativas, máis aló d eopinións referidas a determinados acontecementos (especificamente do verán) na cal a numerosa afluencia implica un certo cambio no modo de vida. Pero isto valórase con normalidade.

Si hai incertidume respecto ao futuro e ata onde pode levar a progresión actual de crecemento da afluencia turística percibida, en canto a aspectos como: saturación de tráfico e falta de aparcamento; ou o aumento do prezo de alugueiro derivado das vivendas de uso turístico en determinadas zonas de Fisterra.

En calquera caso percíbese do traballo de campo que a balanza decántase con solvencia da apreciación de máis impactos positivos que negativos. Esta percepción sería positivo ir verificándoa a través de enquisas á poboación de Fisterra.

a

## Información a obter

Componse dun único apartado: a información relativa á percepción social de contribución do turismo ao territorio.

### **SOBRE A PERCEPCIÓN SOCIAL DA CONTRIBUCIÓN DO TURISMO AO TERRITORIO:**

- Nivel de satisfacción xeral co que ocasiona, positivo e/ou negativo, o turismo en Fisterra.
- Producción de beneficios (do turismo en Fisterra) para a comunidade.
- Producción de beneficios (do turismo en Fisterra) persoais da persoa enquisada.

b

## Ferramentas de captación de información cualificada

Para captar información sobre os items ou puntos anteriormente indicados habilitaranse unha serie de ferramentas. No relativo ao impacto social contemplamos unicamente unha enquisa á veciñanza.

### **1. CONCELLO. PERCEPCIÓN SOCIAL DO IMPACTO DO TURISMO. ENQUISA CIDADÁ.**

A frecuencia idónea de realización desta enquisa sería **anualmente**. Habería que establecer previamente unha segmentación da veciñanza de cara a establecer unha mostra representativa a nivel sociolóxico.

No eixo horizontal inclúense os identificadores da persoa enquisada, e no eixo vertical as cuestións de fondo da enquisa.

	Por rango de idade <b>(1)</b>	Por parroquia/ zona <b>(2)</b>	Por nivel de estudos <b>(3)</b>	Por ocupación <b>(4)</b>	Traballa no sector?	Ten persoas de confianza traballando no sector?
Pensa que o turismo en Fisterra produce beneficios para o pobo? <b>(5)</b>						
Como lle repercute o turismo en Fisterra na súa calidade de vida? <b>(6)</b>						
Que tipo de efecto pensa que ten o turismo no modo de vida, cultura e identidade de Fisterra? <b>(6)</b>						
En xeral, estou satisfeit@ co turismo en Fisterra (no verán)? <b>(5)</b>						
En xeral, estou satisfeit@ co turismo en Fisterra (no resto do ano)? <b>(5)</b>						

**(1)** De 15 a 24, de 25 a 34, de 35 a 44, de 45 a 54, de 55 a 64, de 65 en diante.

**(2)** Recolleríase a parroquia ou zona urbana delimitada.

**(3)** Estudos universitarios e superiores; Ciclos medios ou superiores de formación profesional; Bachillerato ou similar; Secundaria, Primaria, EXB ou similar; Sen estudos.

**(4)** Traballador/a e activo con xornada superior a 30 horas semanais; Traballador/a e activo con xornada igual ou inferior a 30 horas semanais; Traballado/ar ocasional; Xubilad@ ou pensionista; Estudante; Desempregad@.

**(5)** Moi de acordo; De acordo; Neutral; En desacordo; Moi en desacordo.

**(6)** Perxudícame moito; Perxudícame; Non me afecta; Axúdame; Axúdame moito.

Non existen actualmente datos fiables sistematizados sobre impacto medio ambiental, pegada ecolóxica do turismo, etc.

A percepción por parte dos axentes relacionados coa defensa ecolóxica e o coidado medio ambiental pensan que queda moito traballo por facer en materia de sensibilización de turistas, visitantes e peregrinos. Especialmente vulnerables vense os espazos da Rede Natura, así como outros espazos de alto valor natural, onde a falla de información ocasiona alteracións do equilibrio medio ambiental (flora, fauna, hábitat) debido ao mal uso de ditos espazos polo turismo: invasións de zonas de cría de especies autóctonas, etc. A deficiente sinalética destes espazos non axuda a que mellora a situación.

Percíbese que unha información cualificada e comunicativamente atractiva, non só permitiría mellorar a sensibilización, senón que repercutiría na creación dunha experiencia turística derivada do atractivo natural. Isto pénsase que xeraría un aumento do turismo de natureza asociado a esa experiencia.

A pegada ecolóxica do turismo pode ser abordada por un estudo en profundidade, especialmente no tocante ao impacto producido por turistas, visitantes e peregrinos na súa acción fóra dos aloxamentos, locais de restauración ou empresas de turismo activo. Esta labor non pode nin debe ser lavada a cabo dende este estudo asociado ao plano estratéxico.

No que respecta a este documento, aludiremos unicamente a recomendacións de obtención de información respecto ao papel que desempeñan e poden desempeñar os negocios do sector turismo (especialmente aloxamentos e restauración) na redución do impacto medio ambiental. Considérase un reto imprescindible mellorar a sensibilización do propio tecido empresarial, non só polo impacto da súa propia actividade, senón polo efecto sensibilizador que tería respecto aos seus clientes.

a

## Información a obter

Componse de dous apartados: datos xerais de consumos polas empresas do sector, implicación desas empresas na mellora do impacto medio ambiental.

### **SOBRE DATOS XERAIS DE CONSUMOS:**

- Enerxía eléctrica consumida: anual, e durante os meses de xullo e agosto.
- Volume de agua consumida: anual, e durante os meses de xullo e agosto.
- Gas consumido: anual, e durante os meses de xullo e agosto.

### **SOBRE IMPLICACIÓN DO SECTOR:**

- Empresas con certificación ambiental (ISO 14001, EMAS, etc.)
- Empresas que empregan sistemas de baixo consumo ou de aforro de enerxía
- Porcentaxe de enerxías renovables empregadas (paneis solares, etc.)
- Empresas que empregan sistemas de redución de consumo de auga

- Empresas que empregan sistemas de reciclaxe de auga
- Empresas que fan separación selectiva de residuos
- Empresas que desenvolven medidas de control medio ambiental non indicadas anteriormente (redución emisións CO2, etc.) Cáles?

**b**

## Ferramentas de captación de información cualificada

Para captar información sobre os items ou puntos anteriormente indicados habilitaranse unha serie de ferramentas. No relativo ao impacto medio ambiental contemplamos unicamente controis internos.

### 1. CONCELLO. DATOS XERAIS. CONTROL INTERNO.

Respecto aos negocios relacionados directamente co sector turismo (aloxamentos, restauración, guías, turismo activo) o persoal encargado do Concello podería efectuar **anualmente** un control telefónico, por e-mail, ou a través de formulario (tipo Google docs ou similar) para estes casos.

Agruparíase a información por tipoloxías de negocios: aloxamentos (por categoría), restauración (por categoría), guías e turismo activo.

A súa empresa ten algún tipo de certificación ambiental (ISO 14001, EMAS, etc.)?	
Cal é o volume de enerxía anual que emprega?	
Cal é o volume de enerxía anual nos meses de xullo e agosto?	
A súa empresa emprega algún tipo de sistemas de baixo consumo ou de aforro de enerxía? Cal/es?	
Emprega algún tipo de enerxía renovable (paneis solares, etc.)? Se é así, que porcentaxe aproximado lle supón respecto ao total do consumo?	

Cal é o volume de auga anual que consume?	
Cal é o volume de auga consumida durante os meses de xullo e agosto?	
A súa empresa emprega algún tipo de sistemas de redución de consumo de auga? Cal/es?	
A súa empresa emprega algún tipo de sistemas de reciclaxe de auga? Cal/es?	
A súa empresa fai separación selectiva de residuos?	
A súa empresa desenvolve medidas de control medio ambiental non indicadas anteriormente (redución emisións CO2, etc.) Cal/es?	

Porquior